

O proxecto para a creación do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños é unha iniciativa que apoian preto dunha vintena de colectivos socioculturais e veciñais de Pontevedra, Marín e Vilaboa, máis un grupo de arqueólogos que avalan a súa posta en marcha. É unha proposta que pretende pór en valor o importante e valioso patrimonio natural e arqueolóxico da zona, no que destacan mámoas, gravados rupestres, formacións xeolóxicas significativas e espectaculares miradoiros da ría de Pontevedra e da de Vigo.



Viaxe no tempo polos Sete Camiños

Domingo, 10.45 horas da mañá. As nubes van deixando en sombra a Samieira e Combarro. Atópome nun lugar privilexiado e nunha envexable tranquilidade. A ría de Pontevedra está ante min e ao fondo diviso Ons. Na área recreativa do Monte Pornado, á saída da Variante de Marín, espero aos que me guiarán nunha viaxe no tempo, polos camiños da historia de Marín, Pontevedra e Vilaboa. Puntuais chegan Lukas Santiago, arqueólogo que lidera o proxecto de creación dun espazo natural e arqueolóxico dos Sete Camiños; o presidente da Comunidade de Montes de Lourizán; e membros da Plataforma Defende o Monte Pituco/Pornado.

[repOrtaxe] **O Monte Pornado amósase en estado puro, dando a coñecer o paso dos anos a través das súas pedras e da súa posición estratéxica sobre a ría.**
[escribe **María Argibay** | fotografía **David Freire** | **DP**]

Xuntos faremos un pequeno tramo da ruta que están a dar a coñecer e pola que Lukas recorda xogar cando só era un neno. Co bo sabor de boca que me deixaron as vistas dende a área recreativa e coa promesa de que o seguinte miradoiro ofrecerá unha visión aínda máis espectacular da ría, subir a pendente que nos levará á primeira parada do noso camiño faise máis leveiro.

E non defrauda. O miradoiro do monte Pornado ofrece unha espectacular vista de toda a ría: a cidade de Pontevedra, a Illa de Tambo, Marín, todos os pobos da costa que teño enfrente: Combarro, Samieira, Raxó.... e de novo, no horizonte, Ons. Lukas explica que no alto do Pornado aínda se pode atopar algo máis sorprendente, pois ademais do que xa se ve tamén se obser-

va o fin da ría de Vigo, coas Cíes custodiándoa. Pero no punto no que nos atopamos, ademais de gozar da paisaxe tamén podemos descubrir as primeiras pegadas dos nosos antepasados. A uns metros do miradoiro están os primeiros petróglifos, que Lukas Santiago nos amosa entusiasmado. A súa profesión permítille saber un pouco máis da historia dese monte no que xogaba de neno. Agora coñece algo máis dos círculos concéntricos que están nas pedras, «pese a que moita xente siga a pensar que non son máis que iso, pedras, e que non teñen oficio nin beneficio», di. E ao lado dos que teñen máis de mil anos tamén atopamos grava-

dos máis recentes, do século pasado concretamente. O artifice deles foi Pepito Meijón, un persoeiro de Marín do que contan que tiña problemas mentais e que, logo de perder parte da súa familia na Guerra Civil, se adicou a deixar a súa pegada facendo inscricións nas pedras de todo Marín. O arqueólogo Lukas Santiago apoia que estas pedras asinadas por Meijón «tamén se deberían catalogar e protexer por formar parte da historia de Marín».

Posibles danos | Mentres percorremos as pedras nas que hai miles de anos os habitantes da terra nos deixaron as súas mensaxes, vemos os camiños polos que mo-



Espectaculares vistas da Ría de Pontevedra dende o miradoiro do Monte Pornedo (na páxina anterior); abrigo rochoso que foi refuxio de agachados durante a Guerra Civil (arriba); encrucillada de camiños (no centro) e petróglifo de círculos concéntricos (sobre estas liñas); enriba do texto, detalle dos piñeiros que, xunto aos eucaliptos, predominan neste monte.

tos de cross e 'quads' percorren, principalmente nas fins de semana, o monte Pornedo. Non hai nin un metro de separación entre o gravado de círculos concéntricos e o desgastado camiño de terra e, de feito, estes vehículos pasan, literalmente, por enriba das pedras inscristas.

A preocupación de todos os involucrados no proxecto por este motivo é evidente. Como tamén o foi o soterramento dun petróglifo «para a construción dunha área recreativa que practicamente ningún emprego e que se fixo como compensación pola creación da Variante de Marín», explican. Pero non só miradoiros e petróglifos se poden atopar neste espazo

privilexiado. Á seguinte parada é moito máis complexo chegar. Apenas hai un estreito camiño que seguir, pero o final da andaina paga a pena: un abrigo rochoso que probablemente foi empregado xa dende o paleolítico e que se atopa en moi bo estado de conservación. Por aquel entón este lugar do Monte Catadoiro funcionaba como un refuxio e como zona de habitación para os homes do momento. En épocas máis recentes, e concretamente durante a Guerra Civil, o abrigo tamén foi empregado por algúns fuxidos como agocho e como refuxio para os pastores ou outras xentes que traballaban no monte.

Agora, como ben explica Lukas

ALENDADA MOURA

O monte Pornedo non quedou fóra de lendas que pasaron de boca en boca. O equipo do proxecto de Sete Camiños recolleu historias inéditas sobre este monte, e unha delas ten como protagonista á pedra da Moura. Un veciño de Salcedo foi o que recordou esta lenda que conta a existencia da Deusa Nai, que foi reconvertida polo pobo e demonizada pola igrexa cristiá nunha escura moura, ás veces fermosa e outras arrepiante. «A xente conta que na Pedra da moura (un dos petróglifos de Outeiro da Mina) habitan dúas mouras

moi fermosas que se converten en serpes. Din que estas damas belidas gustaban de ir á festa, como o común dos mortais, e cando regresaban para o monte acompañadas dalgún mozo, pois a súa fermosura era engado para acompañantes, ó chegar un pouco antes da devandita pedra parábanse e non deixaban que os mozos as acompañaran máis aló. Un día un destes pretendentes non fixo caso e seguiunas ata a pedra, e cal foi a súa sorpresa cando viu que as mouras que acompañara esa noite se transformaban en serpes arrepiantes e desaparecían

na peneda. Tamén contan que outra vez unha destas mouras díxolle ó seu pretendente que era vítima dun feitiço e que debía axudala a romper co pesado encantamento. A moura díxolle ó rapaz que a seguise ata a pedra e que pasase o que pasase non se asustara. Así fixo o mozo, pero tan pronto chegaron á pedra, a moura transformouse en serpe e amosouse ante el con tal repugnante fasquia e un caravel nos belizos. O rapaz, asustado, saíu correndo sen cumprila súa promesa de axudala a se desencantar».

Santiago, estes achádegos «están no monte e están a monte», pois non están coidados como é debido, non están delimitados e atópanse asolados por eucaliptos que medran e se dobran sen ter en conta o que teñen debaixo.

Coñecer implica valorar | Moitos poden considerar que, se os achádegos permanecen debaixo da terra ou enriba dela pero sen saber que están aí, vanse conservar mellor porque non sufrirán actos vandálicos. Pero outros moitos, como Santiago, prefíren apostar por «dalos a coñecer, porque así conseguírase que se valoren e que se conserven».

Logo de pasar por un outeiro ao que algúns veciños deron en chamar 'o altar' e pola caseta que décadas atrás retransmitía para a xa desaparecida Radio 80, e que tamén serviu de agocho para dous fuxidos da xustiza, chegamos ao derradeiro achádegos do noso percorrido. Trátase da mámoa do Catadoiro, soterrada practicamente na súa totalidade.

Este monumento funerario é un dos cinco que se poden atopar en todo o percorrido dos Sete Camiños. Deles dous están pendentes de localización e outros dous non están catalogados. Todos forman parte do campo de mámoas de Domaio, onde sobresaen os túmulos funerarios de Chan da Arquíña, en Moaña, e Chan de Armada, en Marín.

Máis patrimonio | De continuar co noso percorrido polos Sete Camiños poderíamos gozar cos gravados rupestres de Pornedo, os de Piñeiral de Caeiro e os do Regato dos Buratos-Outeiral da Mina, e tamén dos petróglifos de Sete Camiños, Cachada do Vello e Pumariño.

A todos estes achádegos hai que sumar os que se atopan entre Sete



Camiños e a Lagoa de Castiñeiras. Ali está o complexo rupestre de Champás e a mámoa de Cavada do Pito. «Relevantes son tamén os achádegos que se atopan no recinto da Brilat, en Salcedo, onde se encontra o petróglifo do Campo de Tiro e o complexo rupestre de Outeiro dos Apaños, dos que non hai fotos nen debuxos no catálogo da Dirección Xeral de Patrimonio», explica Lukas Santiago. Neste mesmo espazo de acceso restrinxido tamén se atopaba unha mámoa, a de Louredo, que foi recentemente destruída polo Ministerio de Defensa cando se procedeu á construción da aldea afgá, pese a que era un xacemento arqueolóxico catalogado.

Novos achádegos? | Con todo o que fomos vendo no Monte Pornedo pódese pensar que xa todo veu a luz, que non hai máis. Pero o certo é que os líderes do proxecto dos Sete Camiños seguen abertos a novos achádegos. Cada unha das pedras que están no monte pode conter un novo petróglifo ou un importante descubrimento. De feito, nós tamén fomos testemuñas da aparición dunha sorprendente pedra que «haberá que estudar». De momento, foi tapada novamente tal e como estaba. Aínda que se atopa nunha zona de difícil acceso hai «demasiadas mans longas». Pero máis centrados no presente, os impulsores do proxecto de Creación do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños teñen claro que agora o máis importante é evitar máis agresións

a esta área. E isto só se conseguirá protexendo a área de posibles danos e revalorizando os seus recursos para garantir a súa conservación.

Unha das solucións que propón Sete Camiños «é a de recuperar o uso social que tiña o monte Pornedo décadas atrás, sendo fonte económica para as familias» que o empregaban para conseguir leña, toxo, herba «e que o mantiñan a pleno rendemento durante todo o ano».

O estado de abandono que vive neste momento a maior parte do monte galego fai que o único uso que se lle dea sexa o de xeración masiva de madeira. Sete Camiños aposta por un proxecto alternativo no que a xestión do monte «pase pola recuperación do patrimonio natural, arqueolóxico e por darlle un uso social ao monte».

Iso posibilitaría que esta zona fose un novo lugar de fomentamento para a comarca, espantando un turismo cultural que achegaría moitos beneficios á zona. Xunto a todo o patrimonio xa existente, o visitante podería tamén gozar das fontes e mananciais do propio monte, sen esquecer outros aspectos tamén moi propios do contorno e que, quizais, son os que máis chegan á poboación, como é a toponimia e as lendas que rodean á vida propia do monte.

Agora só falta que todos os trámites se vaian alixeirando para que o proxecto de creación do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños vaia adiante. Foron moitos anos de traballo para o arqueólogo Lukas Santiago. Uns tempos loitou só, outros en equipo, e agora conta co apoio dunha vintena de colectivos. Pode que fose casualidade, que fose causa das circunstancias, ou pode ser que Lukas atopase ao fin a dirección correcta na encrucillada do tempo que forman os Sete Camiños. ■